

CONVOCATORIA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA GOBERNO LOCAL PARA O LUNS DÍA 31 DE XULLO DE 2017 (XGL 16/2017)

Conforme ó ordenado pola Alcaldía, e de acordo co previsto no art. 113.1 e 2 do R.D. 2568/1986, como membro do seguinte órgano colexiado deste Concello, convócaselle á **sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local** que terá lugar na Casa do Concello o **día 31 de xullo, ás 13:00 horas** en primeira convocatoria, e, de non haber "quórum" suficiente, en segunda convocatoria unha hora despois.

Así mesmo informáselle que a copia do borrador da Acta da sesión anterior foille remitida en formato PDF ó enderezo electrónico que consta na copia da notificación da convocatoria. Do mesmo xeito, comunícaselle que a partir desta data está a súa disposición, nesta Secretaría Xeral, a documentación dos asuntos que se inclúen na Orde do Día da presente convocatoria.

Sesión de: Xunta de Goberno Local	Data da sesión: luns 31/07/2017
Convocatoria: Sesión ordinaria 16/2017	Hora: 13:00 h.

Orde do día

1.- Acta da sesión anterior (17/07/2017). Aprobación.

2.- Publicacións boletíns oficiais

3.- Xulgados e Tribunais

4.- Decretos. Dación de conta

5.- Facturas. Aprobación

6.- Convenios

6.1.- Convenio de colaboración entre a Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC) e o Concello de Carballo para levar a cabo a programación do segundo semestre de 2017. (CONV. 01/2017). Aprobación.

6.2.- Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Carballo para o financiamento da Unidade Asistencial de Drogodependencias no 2017. (CONV. 27/2017). Aprobación.

6.3.- Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) para a integración das bibliotecas públicas no catálogo colectivo da Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia. (CONV. 28/2017). Adhesión.

7.- Expedientes de reclamación por danos.

7.1.- Reiteración de reclamación por danos causados na praza do Concello- rúa Colón por traballos do camión guindastre con matrícula E9958BBD (REC-DANOS 004/2016).

8.- Licenzas de obra

8.1.- Licenza para instalación de marquesina en estación de servizo na avenida de Malpica 80-84. Expte. 38/2017.

8.2.- Licenza para vivenda unifamiliar no lugar da Rega-Bértoa. Expte. 50/2017.

8.3.- Licenza para instalación de ascensor e reforma de edificio na rúa Portugal núm. 12. Expte. 51/2017.

8.4.- Licenza para vivenda unifamiliar no lugar do Moucho, Berdillo. Expte. 52/2017.

9.- Licenzas de primeira ocupación

9.1.- Licenza de primeira ocupación en establecemento hoteleiro na rúa Río Sil. Expte. 10/2017.

10.- Rogos e preguntas

O que se notifica ós correspondentes efectos.

En proba da recepción da convocatoria e a orde do día, sívase asinar a presente.

Carballo, 27 de xullo de 2017

O Secretario

D. José Villan Tuertes

